

novo traballo discográfico



ZURRUMALLA edita novo traballo discográfico, despois do seu primeiro e exitoso Dobre CD, agora veñen de gravar "*Camiño por ti*".

"Camiño por ti" tráenos novas pezas de moi variados estilos e gustos, pero co carácter e son particular desta formación que camiña entre a tradición e a innovación, interpretando unha mínima parte da inmensidade da cultura musical galega, para deleitarnos con 17 pezas tan frescas como evocadoras.



Por ti...

...Gaiteriño/a querido/a que, de estares, aínda nos ensinas o tesouro marabilloso da nosa música e, de non estares, legáchesnos o plano dese tesouro que a nós e aos que veñen detrás, nos toca descubrir grazas ás túas atinadas referencias.



Con botarlle unha ollada ao libreto, dámonos conta de que este traballo é moi particular para os Zurrumalla; nin mais nin menos é un agradecemento constante, homenaxes sentidos, pezas do camiñar, dende a primeira, "Pasodobre por ti", unha peza dos seus amigos da mariña Guardesa, ata a última, "Pousa", agasallo en forma de "bonus track", unha versión que o grupo montou para o programa da Televisión Galega "No bico un cantar".

Zurrumalla siguen sendo:

Patri González (pandeireta, culleres e voz).

Carlos Sabariz, Pelouro (bombo e pratos).

Suso Comesaña (gaitas en Do e La, saxo soprano, piñas e voz).

Juan Comesaña. Viti (tamboril, caixa, culleres e triángulo).

Nacho Álvarez (acordeón, choca e voz).

Bieito Lobarriñas (gaita en Do e La, zanfona, pandeiro, cunchas e voz).

Contacto: 609494855/ 655237342/ 638676259/ 645822459

Promoción: Xusto Molejón · xusto@inquedanzas.com | 638 676 259





BIO.

Zurrumalla naceu como grupo ala por febrero do ano 2000 cando un grupo de amigos decidimos dar pulo aos nosos anceios e ás nosas inquedanzas musicais. Desde o inicio, co esforzo e o tempo roubado aos nosos quefaceres cotiáns para os ensaios por acá e acolá, fonos quen de ilusionarnos e gozar coas notas que iamos arrincando á historia e tradición musical da terra. Arredor dela creamos un universo no que nos sentimos unidos, ledos e orgullosos. O noso desexo é compartir este gozo, esta ledicia e este orgullo amais de que entre todos e todas, dignifiquemos a tradición. Por iso, durante estes anos da vida do grupo, e ao longo dos moitos concertos pola xeografía do país, procuramos ofrecer o mellor que como gaiteros podemos arrincar de nos.

Compoñentes.

Patri González (pandeireta, culleres e voz).

Carlos Sabariz, Pelouro (bombo e pratos).

Suso Comesaña (gaitas en Do e La, saxo soprano, piñas e voz).

Juan Comesaña. Viti (tamboril, caixa, culleres e triángulo).

Nacho Álvarez (acordeón, choca e voz).

Bieito Lobariñas (gaita en Do e La, zanfona, pandeiro, cunchas e voz).

Discografía.



“O que había e...o que hai”
Editado no ano 2012



“Camiño por ti”
editado no 2016